

NORMAS DE FUNCIONAMENTO DA AULA DA XUVENTUDE
DO CONCELLO DE OROSO

A Aula da Xuventude é un centro de titularidade municipal cuxa finalidade é fomentar o encontro, a comunicación, a produción cultural, a información, e favorecer a formación integral e promover o asociacionismo da xuventude.

O acceso ás instalacións supón a aceptación das seguintes normas:

Todo español ou estranxeiro residente en España ten dereito a ser admitido nesta Aula da Xuventude. A marxe das idades está comprendida entre os 12 e os 25 anos, ambos inclusive.

DEREITOS DOS/AS USUARIOS/AS

- Participar nas actividades previstas
- Suxerir proxectos, actividades, xornadas, excursións etc... que sexan do interese dos/as usuarios/as
- Ser tratados de xeito respectuoso tanto por parte dos/as usuarios/as como polos/as responsables da Aula
- Facer uso das instalacións e dos materiais

DEBERES DOS/AS USUARIOS/AS

- Coidar e facer uso correcto das instalacións e do material da Aula da Xuventude dentro e fóra desta.
- Tratar de forma respectuosa os/as usuarios/as e os/as responsables da Aula da Xuventude dentro das instalacións e en toda actividade que se leve a cabo interna ou externamente.
- Avisar con antelación e xustificar a falta de asistencia a unha actividade. En caso de que calquera usuario/a deixe de asistir a algunha actividade sen previo aviso nin causa xustificada, pode ocasionar a perda da praza e da totalidade do importe (se houberse) da dita actividade.
- Cumprir os trámites administrativos para o desfrute de calquera instalación ou equipo, libros, xogos de mesa, xogos en xeral, material didáctico, áreas da Aula da Xuventude, materiais funxibles, mobiliario etc...
- Aboar tarifas e cantidades previstas para o uso de instalacións e participación en actividades especiais ou talleres
- Estar en posesión do carné de usuario (poderá solicitarse no centro cultural)
- Comunicar ao responsable da Aula calquera anomalía ou deficiencia nas instalacións ou nos materiais

CAUSAS EXPULSIÓN:

- Acceder ás instalacións sen estar en posesión do carné de usuario da Aula da Xuventude
- Fumar
- Beber alcohol
- Consumir estupefacientes
- Actos violentos ou que inciten á violencia, ou marxinais
- Colocar carteis, facer pintadas
- Ensuciar as instalacións de maneira intencionada
- Facer mal uso dos recursos
- Non respectar os deberes dos/as usuarios/as
- Acceder con animais/mascotas
- Acceder con patíns, balóns, bicicletas
- As aulas deberán deixarse no mesmo estado no que se encontraron
- Subtraer material das instalacións

No caso de infracción dalgunha das normas anteriores ou doutro tipo de abusos dos recursos da Aula, que causen prexuízo a outros/as usuarios/as ou á seguridade destes/as, o/a usuario/a será advertido/a da situación. Se a advertencia é ignorada, a persoa responsable expulsará da Aula ao dito/a usuario/a.